Capítulo

5

Determinación da mostra

Para a determinación do número de enquisas que había que realizar para a recollida de información sobre cada ocupación no posto de traballo, tomáronse en consideración as referencias sobre o número de traballadores do sector forestal en España que se recolle no estudo de Price Waterhouse & Coopers, e que se cifra nuns 70.000 traballadores.

Partindo desa cifra e baseándose nunha distribución normal (Arkin & Colton) para a determinación do tamaño mostral e do erro de mostraxe, obtívose que para unha poboación de 70.000 persoas e cun nivel de confianza do 95% e unha marxe de erro do 5%, a mostra debería constar de 383 elementos.

Unha vez obtido o tamaño mostral procedeuse, en primeiro lugar, á súa distribución por actividade e contorno xeográfico (por Comunidade Autónoma), en función do número de traballadores estimados por CC.AA. e actividade, debendo quedar moi claro que a dita estimación unicamente tivo por obxectivo servir de referencia para o repartimento de enquisas, sen ningunha outra pretensión, posto que a maioría son datos sen posibilidade de contraste estatístico.

A partir desa distribución do número total de enquisas, procedeuse ao seu repartimento final por ocupación e zona. O resultado foi unha mostraxe aleatoria simple, estratificada por ocupación e Comunidade Autónoma, coa configuración que se detalla a continuación:

Táboa de distribución das enquisas realizadas por actividade, ocupación e Comunidade Autónoma.

ACTIVIDADE		ANDALUCÍA	ARAGÓN	ASTURIAS	BALEARES	CANARIAS	CANTABRIA	CASTILLA Y LEÓN	CASTILLA-LA MANCHA	CATALUÑA	EXTREMADURA	GALICIA	LA RIOJA	MADRID	MURCIA	NAVARRA	PAÍS VASCO	VALENCIA	TOTAL
	APROVEITAMENTO MADEIREIRO	3	1	2	0	0	1	5	1	1	1	27	0	0	0	1	10	0	53
	SILVICULTURA	7	0	0	0	0	0	7	5	4	12	0	0	1	0	1	3	2	42
	PRODUCCIÓN DE PLANTA	1	4	1	0	1	0	2	3	0	4	3	0	1	0	0	3	0	23
	CULTIVO E APROVEITAMENTO DE FUNGOS	0	7	0	0	0	0	4	0	6	3	0	0	0	0	0	0	0	20
	APROVEITAMENTO DA CORTIZA	7	0	0	0	0	0	1	0	2	19	0	0	0	0	0	0	0	29
	DEFENSA CONTRA INCENDIOS	5	3	3	2	3	3	5	4	4	3	10	2	2	2	2	3	3	59
	CAZA	12	2	0	2	0	0	9	8	2	7	1	0	1	2	1	0	1	48
	PESCA	1	2	2	0	0	2	3	1	6	3	1	0	0	0	0	1	0	22
	PLANTAS AROMÁTICAS E MEDICINAIS	0	0	0	0	0	0	5	0	1	0	4	0	0	0	0	0	0	10
	MEL, POLE E DERIVADOS	5	1	1	0	0	0	5	3	1	5	0	0	0	1	0	0	5	27
	APROVEITAMENTO DE FROITOS	1	0	0	0	0	0	11	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	12
	APROVEITAMENTO DE RESINA	0	0	0	0	0	0	6	4	0	0	0	0	0	0	0	0	0	10
	MELLORA E CONSERVACIÓN DE ESPACIOS NATURAIS	11	1	1	0	2	0	3	1	4	0	2	0	1	0	1	1	0	28
	TOTAL	53	21	10	4	6	6	66	30	31	57	48	2	6	5	6	21	11	383
APROVEITAMENTO MADEIREIRO	Motoserrista	1	1	0	0	0	0	2	0	1	0	9	0	0	0	0	3	0	17
	Cond-Op Procesadora/Colleitadora forestal	0	0	1	0	0	1	1	0	0	0	4	0	0	0	0	3	0	10
	Cond-Op Autocargador e Skidder	1	0	1	0	0	0	1	0	0	0	5	0	0	0	1	3	0	12
	Xerente de Explotación	1	0	0	0	0	0	1	1	0	1	9	0	0	0	0	1	0	14
	TOTAL	**3**	**1**	**2**	**0**	**0**	**1**	**5**	**1**	**1**	**1**	**27**	**0**	**0**	**0**	**1**	**10**	**0**	**53**
SILVICULTURA	Traballador Forestal	5	0	0	0	0	0	4	3	2	8	0	0	0	0	1	2	1	26
	Aplicador de tratamentos fitosanitarios	2	0	0	0	0	0	3	2	2	4	0	0	1	0	0	1	1	16
	TOTAL	**7**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**7**	**5**	**4**	**12**	**0**	**0**	**1**	**0**	**1**	**3**	**2**	**42**
PRODUCCIÓN DE PLATA	Xerente de Viveiro	1	2	1	0	1	0	1	1	0	2	2	0	1	0	0	1	0	13
	Viveirista	0	2	0	0	0	0	1	2	0	2	1	0	0	0	0	2	0	10
	TOTAL	**1**	**4**	**1**	**0**	**1**	**0**	**2**	**3**	**0**	**4**	**3**	**0**	**1**	**0**	**0**	**3**	**0**	**23**
CULTIVO E APROVEITAMENTO DE FUNGOS	Recolledor	0	4	0	0	0	0	2	0	2	2	0	0	0	0	0	0	0	10
	Produtor	0	3	0	0	0	0	2	0	4	1	0	0	0	0	0	0	0	10
	TOTAL	**0**	**7**	**0**	**0**	**0**	**0**	**4**	**0**	**6**	**3**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**20**
APROVEITAMENTO DA CORTIZA	Corticeiro	7	0	0	0	0	0	1	0	2	19	0	0	0	0	0	0	0	29
	TOTAL	**7**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**1**	**0**	**2**	**19**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**29**
DEFENSA CONTRA INCENDIOS	Peón de Extinción	2	1	0	1	0	1	2	1	1	0	5	1	0	1	1	1	1	19
	Emisorista	1	1	1	0	0	1	1	1	1	1	2	1	1	0	0	1	0	14
	Vixilante en Posto Fixo	1	0	1	1	1	0	1	1	1	1	2	0	1	1	1	0	1	14
	Conductor de Motobomba	1	1	1	0	0	1	1	1	1	1	1	0	0	0	0	1	1	12
	TOTAL	**5**	**3**	**3**	**2**	**3**	**3**	**5**	**4**	**4**	**3**	**10**	**2**	**2**	**2**	**2**	**3**	**3**	**59**
CAZA	Peón	4	0	0	1	0	0	2	2	0	2	0	0	0	0	0	0	0	11
	Garda de Campo	4	1	0	0	0	0	3	3	1	3	1	0	1	1	1	0	1	20
	Xerente	4	1	0	1	0	0	4	3	1	2	0	0	0	1	0	0	0	17
	TOTAL	**12**	**2**	**0**	**2**	**0**	**0**	**9**	**8**	**2**	**7**	**1**	**0**	**1**	**2**	**1**	**0**	**1**	**48**
PESCA	Vixilante Xurado de Pesca	1	1	1	0	0	1	2	1	3	1	0	0	0	0	0	1	0	12
	Peón	0	1	1	0	0	1	1	0	3	2	1	0	0	0	0	0	0	10
	TOTAL	**1**	**2**	**2**	**0**	**0**	**2**	**3**	**1**	**6**	**3**	**1**	**0**	**0**	**0**	**0**	**1**	**0**	**22**
PLANTAS AROMÁTICAS E MEDICINAIS	Recolledor	0	0	0	0	0	0	5	0	1	0	4	0	0	0	0	0	0	10
	TOTAL	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**5**	**0**	**1**	**0**	**4**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**10**
MEL, POLE E DERIVADOS	Apicultor	5	1	1	0	0	0	5	3	1	5	0	0	0	1	0	0	5	27
	TOTAL	**5**	**1**	**1**	**0**	**0**	**0**	**5**	**3**	**1**	**5**	**0**	**0**	**0**	**1**	**0**	**0**	**5**	**27**
APROVEITAMENTO DE FROITOS	Recolledor	1	0	0	0	0	0	11	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	12
	TOTAL	**1**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**11**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**12**
APROVEITAMENTO DE RESINA	Resineiro	0	0	0	0	0	0	6	4	0	0	0	0	0	0	0	0	0	10
	TOTAL	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**6**	**4**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**10**
MELLORA E CONSERVACIÓN DE ESPACIOS NATURAIS	Vixilante de Espacios Naturais	11	1	1	0	2	0	3	1	4	0	2	0	1	0	1	1	0	28
	TOTAL	**11**	**1**	**1**	**0**	**2**	**0**	**3**	**1**	**4**	**0**	**2**	**0**	**1**	**0**	**1**	**1**	**0**	**28**
	TOTAL	**53**	**21**	**10**	**4**	**6**	**6**	**66**	**30**	**31**	**57**	**48**	**2**	**6**	**5**	**6**	**21**	**11**	**383**
OCUPACIÓN		ANDALUCÍA	ARAGÓN	ASTURIAS	BALEARES	CANARIAS	CANTABRIA	CASTILLA Y LEÓN	CASTILLA-LA MANCHA	CATALUÑA	EXTREMADURA	GALICIA	LA RIOJA	MADRID	MURCIA	NAVARRA	PAÍS VASCO	VALENCIA	ESPAÑA

.. ESTIMACIÓN DO EMPREGO POR OCUPACIÓN E CC.AA.

Para a estimación do número de traballadores por ocupación e o seu repartimento por CC.AA. optouse pola seguinte metodoloxía:

1. .. Alí onde se puideron obter datos estatísticos sobre o emprego de cada actividade, utilizáronse esas estimacións para a distribución por CC.AA. dos traballadores de cada ocupación vinculada a tal actividade.

2. .. No seu defecto, naquelas actividades onde non había información relativa ao número de empregados, calculouse un valor medio de produción por traballador ou por empresa, a partir da información recollida da base de datos ARDÁN, procurando tomar en consideración calquera característica diferencial, empregando medias distintas naqueles casos nos que se percibía unha diferenza significativa de produtividade media (+-25%). Unha vez obtido ese parámetro, utilizouse a información da produción por rexión do *Anuario de estadística agroalimentaria* para estimar o número de traballadores de cada CC.AA. nas ocupacións comprometidas en tal actividade.

3. .. Finalmente, naquelas actividades nas que non se puido obter información sobre o emprego ou sobre a produtividade por traballador, procedeuse á súa estimación indirecta, en función de parámetros tales como número de coutos, superficies, número de espazos naturais, etc., tendo en conta sempre, as peculiaridades distintivas de cada espazo xeográfico.

Actividade por actividade, as estimacións do emprego de cada ocupación leváronse a cabo tal como se detalla a continuación:

APROVEITAMENTO MADEIREIRO

Para o caso do aproveitamento madeireiro, dado que non se contaba con datos concretos relativos ao emprego das súas ocupacións, aplicouse o segundo criterio de estimación. A partir dos datos procedentes de ARDAN, en canto a volume de produción por empresa (que daban un termo medio de 153.859,10 euros), obtívose como resultado un total de 2.748 empresas para toda España.

Asumiuse que, por empresa, habería unicamente un xerente de explotación e un motoserrista, considerándose unha media aceptable a de cinco condutores-operadores de procesadora por cada cen empresas, e outros tantos de condutores-operadores de autocargador e skidder.

Polas súas peculiaridades en canto á dimensión dos seus negocios, en Galicia e o País Vasco estimouse unha media de dez condutores-operadores de procesadora (por cada cen empresas), ao igual que para os condutores-operadores de autocargador e skidder de Galicia, mentres que para o País Vasco a media asignada é do vinte por cento (vinte traballadores por cada cen empresas).

Desa forma, o repartimento final foi o que se amosa na táboa adxunta:

Emprego estimado actividade APROVEITAMENTO MADEIREIRO por CC.AA.				
CC.AA.	Motoserrista	Cond-op procesadora	Cond-op autocargador	Xerente de explotación
ANDALUCÍA	149	7	7	149
ARAGÓN	36	2	2	36
BALEARES	1	0	0	1
CANARIAS	2	0	0	2
CANTABRIA	69	3	3	69
CASTELA E LEÓN	295	15	15	295
CASTELA-A MANCHA	62	3	3	62
CATALUÑA	56	3	3	56
COMUNIDADE VALENCIANA	15	1	1	15
ESTREMADURA	25	1	1	25
GALICIA	1.335	134	134	1.335
A RIOXA	16	1	1	16
MADRID	4	0	0	4
NAVARRA	78	4	4	78
PAÍS VASCO	512	51	102	512
PRINCIPADO DE ASTURIAS	92	5	5	92
REXIÓN DE MURCIA	1	0	0	1
ESPAÑA	**2.748**	**230**	**281**	**2.748**

Fonte: Elaboración propia

SILVICULTURA

No caso do aproveitamento silvícola, a falta de información relativa ao emprego e á produción por empresa ou por traballador, recorreuse á súa estimación por vía indirecta a partir do número de hectáreas repoboadas e considerando razoable unha media de oito días por hectárea repoboada e por traballador forestal.

Partindo de 224 días laborais ao ano, obtívose unha media dun traballador forestal por cada 28 hectáreas repoboadas ao ano. Á súa vez, estimouse que pode haber unha relación dun aplicador de tratamentos fitosanitarios por cada tres traballadores forestais, co que o resultado final quedou tal como se expón na táboa adxunta:

Emprego estimado en SILVICULTURA por CC.AA.			
CC.AA.	Traballador forestal	Aplicador de fitosanitarios	TOTAL
ANDALUCÍA	417	139	556
ARAGÓN	30	10	40
BALEARES	0	0	0
CANARIAS	6	2	8
CANTABRIA	24	8	32
CASTELA E LEÓN	432	144	576
CASTELA-A MANCHA	297	99	396
CATALUÑA	267	89	356
COMUNIDADE VALENCIANA	93	31	124
ESTREMADURA	747	249	996
GALICIA	279	93	372
A RIOXA	30	10	40
MADRID	36	12	48
NAVARRA	69	23	92
PAÍS VASCO	180	60	240
PRINCIPADO DE ASTURIAS	9	3	12
REXIÓN DE MURCIA	0	0	0
ESPAÑA	**2.916**	**972**	**3.888**

Fonte: Elaboración propia

PRODUCIÓN DE PLANTA (VIVEIROS)

Ao carecer de información sobre o emprego e contando co número de viveiros por Comunidade Autónoma (*Anuario de estadística agroalimentaria*), considerouse realista asignar un xerente e un viveirista por unidade de explotación, coas excepcións de Andalucía, Castela-A Mancha e Estremadura, que pola súa maior dimensión e estrutura produtiva se lles imputou como media tres viveiristas por explotación. Con estes postulados de partida, obtívose a configuración que se amosa a continuación:

Emprego estimado en VIVEIROS por CC.AA.			
CC.AA.	Xerente	Viveirista	TOTAL
ANDALUCÍA	10	30	40
ARAGÓN	79	79	158
BALEARES	1	1	2
CANARIAS	9	9	18
CANTABRIA	6	6	12
CASTELA E LEÓN	19	57	76
CASTELA-A MANCHA	35	105	140
CATALUÑA	2	2	4
COMUNIDADE VALENCIANA	3	3	6
ESTREMADURA	40	120	160
GALICIA	32	32	64
A RIOXA	4	4	8
MADRID	29	29	58
NAVARRA	6	6	12
PAÍS VASCO	63	63	126
PRINCIPADO DE ASTURIAS	16	16	32
REXIÓN DE MURCIA	4	4	8
ESPAÑA	**358**	**566**	**924**

Fonte: Elaboración propia

CULTIVO E APROVEITAMENTO DE FUNGOS

Neste tipo de explotación, atopámonos cunha carencia de información en canto a emprego e en canto a datos empresariais, co cal optouse por aplicar unha media anual de 36.000 euros (uns seis millóns de pesetas) por recolledor, que serían os ingresos medios que se estima pode obter un recolledor de fungos ao ano.

Emprego estimado en RECOLLIDA DE FUNGOS por CC.AA.

CC.AA.	Recolledor	Produtor	TOTAL
ANDALUCÍA	3	0	3
ARAGÓN	239	23	262
BALEARES	0	0	0
CANARIAS	0	0	0
CANTABRIA	0	0	0
CASTELA E LEÓN	128	12	140
CASTELA-A MANCHA	13	1	14
CATALUÑA	222	22	244
COMUNIDADE VALENCIANA	1	0	1
ESTREMADURA	92	9	101
GALICIA	53	5	58
A RIOXA	7	0	7
MADRID	0	0	0
NAVARRA	0	0	0
PAÍS VASCO	0	0	0
PRINCIPADO DE ASTURIAS	0	0	0
REXIÓN DE MURCIA	0	0	0
ESPAÑA	**758**	**72**	**830**

Fonte: Elaboración propia

Á súa vez, partiuse dunha situación na que o número de recolledores é moi superior ao de produtores, que son máis ben escasos, fixándose unha proporción de dez a un.

O resultado final, obtívose de aplicarlle eses ingresos medios á produción total de cada Comunidade (*Anuario de estadística agroalimentaria*), xerándose o repartimento que se amosa na táboa anterior.

APROVEITAMENTO DE CORTIZA

Emprego estimado en SACA DE CORTIZA por CC.AA.	
CC.AA.	Corticeiro
ANDALUCÍA	742
ARAGÓN	0
BALEARES	0
CANARIAS	0
CANTABRIA	0
CASTELA E LEÓN	89
CASTELA-A MANCHA	31
CATALUÑA	212
COMUNIDADE VALENCIANA	3
ESTREMADURA	2.051
GALICIA	0
A RIOXA	0
MADRID	0
NAVARRA	0
PAÍS VASCO	0
PRINCIPADO DE ASTURIAS	0
REXIÓN DE MURCIA	0
ESPAÑA	**3.128**

Fonte: Elaboración propia

Neste caso contamos con referencias respecto ao emprego en *Estrategia forestal española*, cunha estimación de 3.128 traballadores. Supondo unha produtividade media equivalente para todas as rexións, obtívose a distribución recollida na táboa adxunta.

DEFENSA CONTRA INCENDIOS

Emprego estimado en DEFENSA CONTRA INCENDIOS por CC.AA.				
CC.AA.	Peón de extinción	Emisorista	Vixilante en posto fixo	Condutor de motobomba
ANDALUCÍA	400	200	200	360
ARAGÓN	150	75	75	135
BALEARES	50	25	25	45
CANARIAS	100	50	50	90
CANTABRIA	50	25	25	45
CASTELA E LEÓN	450	225	225	405
CASTELA-A MANCHA	250	125	125	225
CATALUÑA	200	100	100	180
COMUNIDADE VALENCIANA	150	75	75	135
ESTREMADURA	100	50	50	90
GALICIA	200	100	100	180
A RIOXA	50	25	25	45
MADRID	50	25	25	45
NAVARRA	50	25	25	45
PAÍS VASCO	150	75	75	135
PRINCIPADO DE ASTURIAS	50	25	25	45
REXIÓN DE MURCIA	50	25	25	45
ESPAÑA	**2.500**	**1.250**	**1.250**	**2.250**

Fonte: Elaboración propia

Sen cifras sobre o número de traballadores ocupados nesta actividade, procedeuse á súa estimación vía indirecta. Considerouse aceptable unha media de cinco postos de xestión de incendios por provincia, dando como resultado un total de 250 postos. Propúxose unha media de 10 peóns de extinción por posto, 5 emi-

soristas, 5 vixilantes en posto fixo e 9 condutores de motobomba. Como resultado final, obtívose a distribución que se amosa na táboa que se sitúa máis arriba.

CAZA

Para o caso da caza tamén se procedeu á súa estimación por vía indirecta, a partir do número de áreas de caza presentes en cada Comunidade Autónoma, recollidas do *Anuario de estadística agroalimentaria* do MAPA.

Inicialmente imputouse un garda de campo e un xerente por área de caza, excepto en Estremadura, que pola dimensión dos seus coutos sería plausible asignar máis gardas de caza por área.

Non obstante, na realidade, non todas as áreas posúen un garda ou xerente propio, compartíndose con outros coutos nalgúns casos, ou carecendo del noutros tantos. Partindo deste feito, tomouse como válida unha relación de un a cinco (un posto de cada ocupación por cinco áreas de caza).

O detalle por Comunidade Autónoma e por ocupación sería o que se amosa na táboa seguinte:

Emprego estimado en CAZA por CC.AA.

CC.AA.	Garda de campo	Xerente	Peón	TOTAL
ANDALUCÍA	1.503	1.503	752	3.758
ARAGÓN	250	250	125	625
BALEARES	328	328	164	820
CANARIAS	22	22	11	55
CANTABRIA	17	17	8	42
CASTELA E LEÓN	1.174	1.174	587	2.935
CASTELA-A MANCHA	1.106	1.106	553	2.765
CATALUÑA	264	264	132	660
COMUNIDADE VALENCIANA	185	185	92	462
ESTREMADURA	913	902	451	2.266
GALICIA	55	55	28	138
A RIOXA	42	42	21	105
MADRID	157	157	78	392
NAVARRA	66	66	33	165
PAÍS VASCO	27	27	14	68
PRINCIPADO DE ASTURIAS	17	17	8	42
REXIÓN DE MURCIA	273	273	136	682
ESPAÑA	**6.399**	**6.388**	**3.193**	**15.980**

Fonte: Elaboración propia

PESCA

Tal como aconteceu no caso da caza, para a pesca empregouse tamén un método indirecto. Se no caso anterior falábase de áreas de caza, nesta ocasión consideráronse áreas de pesca (interior ou continental), datos que se recolleron da páxina web www.cotosdepesca.com, na que figuran os coutos de pesca de España por Comunidade Autónoma.

Estimouse conveniente imputar un vixilante xurado de pesca e un peón por couto de pesca, co resultado que se detalla a continuación:

Emprego estimado en PESCA por CC.AA.			
CC.AA.	Vixilante xurado de pesca	Peón	TOTAL
ANDALUCÍA	51	51	102
ARAGÓN	66	66	132
BALEARES	0	0	0
CANARIAS	0	0	0
CANTABRIA	43	43	86
CASTELA E LEÓN	158	158	316
CASTELA-A MANCHA	45	45	90
CATALUÑA	259	259	518
COMUNIDADE VALENCIANA	9	9	18
ESTREMADURA	118	118	236
GALICIA	128	128	256
A RIOXA	17	17	34
MADRID	17	17	34
NAVARRA	17	17	34
PAÍS VASCO 66	66	132	
PRINCIPADO DE ASTURIAS	90	90	180
REXIÓN DE MURCIA	3	3	6
ESPAÑA	**1.087**	**1.087**	**2.174**

Fonte: Elaboración propia

PLANTAS AROMÁTICAS E MEDICINAIS

Dado que os datos sobre produción media proporcionaban valores de emprego (moi reducido) nada realistas, optouse por unha asignación discrecional do número de persoas empregadas na recolección deste tipo de plantas: a décima parte dos ocupados na primeira actividade, de aproveitamento madeireiro.

Desa forma, o emprego total asignado a esta ocupación roldaría as 600 persoas. A súa distribución faise con arranxo á produción e queda unha configuración como a que segue:

Emprego estimado en PLANTAS AROMÁTICAS E OUTRAS por CC.AA.	
CC.AA.	Recolledor
ANDALUCÍA	25
ARAGÓN	1
BALEARES	0
CANARIAS	0
CANTABRIA	0
CASTELA E LEÓN	543
CASTELA-A MANCHA	0
CATALUÑA	0
COMUNIDADE VALENCIANA	3
ESTREMADURA	0
GALICIA	0
A RIOXA	8
MADRID	0
NAVARRA	0
PAÍS VASCO	0
PRINCIPADO DE ASTURIAS	0
REXIÓN DE MURCIA	20
ESPAÑA	**600**

Fonte: Elaboración propia

PRODUCIÓN DE MEL, POLE E DERIVADOS

No caso da apicultura, tomáronse os datos procedentes do Anuario de Estatística Agroalimentaria, no que figura o número de colmeas por Comunidade Autónoma. Considerouse unha media de 200 colmeas por apicultor, de forma que a configuración final é a que se amosa:

Emprego estimado en APICULTURA por CC.AA.	
CC.AA.	Apicultor
ANDALUCÍA	1.666
ARAGÓN	503
BALEARES	52
CANARIAS	93
CANTABRIA	130
CASTELA E LEÓN	1.809
CASTELA-A MANCHA	927
CATALUÑA	326
COMUNIDADE VALENCIANA	1.718
ESTREMADURA	1.820
GALICIA	500
A RIOXA	76
MADRID	95
NAVARRA	73
PAÍS VASCO	126
PRINCIPADO DE ASTURIAS	200
REXIÓN DE MURCIA	310
ESPAÑA	**10.423**

Fonte: Elaboración propia

APROVEITAMENTO DE FROITOS

Ao non contar coa información relativa ao número de ocupados, estimouse o emprego soportado nesta actividade en función dunha produción media por traballador duns 11.000 euros, e deu como resultado os 1.201 recolledores que se distribuíron por Comunidades tal como se expón:

Emprego estimado en APROVEITAMENTO DE FROITOS por CC.AA.	
CC.AA.	Recolledor
ANDALUCÍA	3
ARAGÓN	0
BALEARES	1
CANARIAS	-
CANTABRIA	-
CASTELA E LEÓN	539
CASTELA-A MANCHA	-
CATALUÑA	161
COMUNIDADE VALENCIANA	-
ESTREMADURA	-
GALICIA	494
A RIOXA	-
MADRID	3
NAVARRA	-
PAÍS VASCO	-
PRINCIPADO DE ASTURIAS	-
REXIÓN DE MURCIA	-
ESPAÑA	**1.201**

Fonte: Elaboración propia

APROVEITAMENTO DE RESINA

Por non contar tampouco nesta ocasión cunha cifra estatística sobre o número de resinadores, recorreuse á base ARDAN para obter un valor medio de produtividade, cunha media duns doce millóns de pesetas por traballador; convertendo ese dato a euros e tomando a produción por Comunidade Autónoma (neste caso só nas dúas áreas castelás), saíron os valores que se refliten máis abaixo:

Emprego estimado en APROVEITAMENTO DE RESINA por CC.AA.	
CC.AA.	Resineiro
ANDALUCÍA	-
ARAGÓN	-
BALEARES	-
CANARIAS	-
CANTABRIA	-
CASTELA E LEÓN	146
CASTELA-A MANCHA	86
CATALUÑA	-
COMUNIDADE VALENCIANA	-
ESTREMADURA	-
GALICIA	-
A RIOXA	-
MADRID	-
NAVARRA	-
PAÍS VASCO	-
PRINCIPADO DE ASTURIAS	-
REXIÓN DE MURCIA	-
ESPAÑA	**232**

Fonte: Elaboración propia

MELLORA E CONSERVACIÓN DE ESPAZOS NATURAIS

Para a estimación do número de traballadores empregados como vixilantes de espazos naturais nesta actividade, tomouse como referencia o *Anuario EUROPARC-España del estado de los espacios naturales protegidos 2002*. Nel ofrécense os valores sobre a superficie total por Comunidade Autónoma dos espazos naturais que posúe cada unha.

Emprego estimado en ESPAZOS NATURAIS por CC.AA.	
CC.AA.	Vixilante de espazos naturais
ANDALUCÍA	3.979
ARAGÓN	277
BALEARES	60
CANARIAS	766
CANTABRIA	141
CASTELA E LEÓN	1.078
CASTELA-A MANCHA	447
CATALUÑA	1.613
COMUNIDADE VALENCIANA	180
ESTREMADURA	90
GALICIA	145
A RIOXA	60
MADRID	260
NAVARRA	180
PAÍS VASCO	200
PRINCIPADO DE ASTURIAS	253
REXIÓN DE MURCIA	163
ESPAÑA	**9.892**

Fonte: Elaboración propia

Asignouse un vixilante por cada 400 hectáreas, de maneira que o emprego total estimado roldaría as 10.000 persoas, repartidas tal como recolle a táboa anterior.

.. DISTRIBUCIÓN FINAL DAS ENQUISAS

Unha vez obtida esta estimación do emprego por CC.AA. e ocupación, procedeuse á súa agrupación por actividade e CC.AA. para ponderar o número de enquisas por actividade e rexión.

Para evitar que o número de enquisas nalgunha das ocupacións fose moi pouco significativo (menos de dez enquisas), optouse por ponderar a distribución por actividade co número de ocupacións (seleccionadas) que integra, de forma que, por exemplo, unha actividade que conte con catro ocupacións teña un mínimo de corenta enquisas (dez por ocupación). A ponderación final complementouse co número de traballadores estimados por actividade.

Unha vez obtida esta distribución por actividade e CC.AA. obtívose o repartimento de enquisas por ocupación e CC.AA., ponderando en cada caso o número de enquisas de cada actividade co dato do emprego de cada ocupación por rexión respecto ao total da actividade.

Finalmente, reasignáronse discrecionalmente aquelas enquisas que daban como resultado un número inferior ou superior ao total de enquisas por actividade como consecuencia do redondeo de decimais: catro datos co valor 0,5 darían como resultado 4 enquisas, cando en realidade só existen dúas enquisas para imputar. Non obstante, procurouse respectar sempre o criterio do mínimo de enquisas por ocupación (dez), comentado con anterioridade.

Para concluír, e atendendo ás peculiaridades de cada ocupación, reconfigurouse o número de enquisas coa intención de poder completar da mellor maneira posible a información e os coñecementos daquelas ocupacións que en principio supuñan unha maior dificultade á hora de establecer a súa configuración.

As devanditas ocupacións foron basicamente dúas: a de corticeiro na actividade de cortiza e a de traballador forestal na de silvicultura.

No primeiro caso, o dito incremento no número de enquisas fundaméntase no maior descoñecemento da ocupación pola súa focalización xeográfica e o seu peculiar modo de aproveitamento. No caso do traballador forestal, a xustificación estaba máis na necesidade de poder establecer algunha característica distintiva por Comunidade Autónoma e, debido á gran dimensión funcional desta ocupación, recoller a maior cantidade de información ao respecto.

Para compensar estes incrementos no número de enquisas, procedeuse á diminución da cantidade de observacións naquelas ocupacións que tiñan unha mellor cobertura informativa en canto á súa configuración, respectando sempre o mínimo de dez enquisas por ocupación.

N.º DE OCUPACIÓNS, EMPREGO E PONDERACIÓNS POR ACTIVIDADE				
ACTIVIDADE	N.º	EMPREGO FINAL	PONDERACIÓN TEÓRICA	PONDERACIÓN FINAL
SECTOR MADEIREIRO	4	6.007	53	51
SILVICULTURA	2	3.888	28	47
PRODUCIÓN DE PLANTA	2	924	22	22
CULTIVO E APROVEITAMENTO DE FUNGOS	2	830	22	21
APROVEITAMENTO DA CORTIZA	1	3.128	17	29
DEFENSA CONTRA INCENDIOS	4	7.250	55	53
CAZA	3	15.975	64	48
PESCA	2	2.174	25	24
PLANTAS AROMÁTICAS E MEDICINAIS	1	600	11	11
MEL, POLE E DERIVADOS	1	10.423	32	28
APROVEITAMENTO DE FROITOS	1	1.201	13	12
APROVEITAMENTO DE RESINA	1	232	10	10
MELLORA E CONSERVACIÓN DE ESPAZOS NATURAIS	1	9.892	31	27
TOTAL	**25**	**62.524**	**383**	**383**

TÁBOA DE ASIGNACIÓN DE ENQUISAS EN PORCENTAXES POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.